

## NOTA DE PRENSA

# A Asociación Área Empresarial do Tambre celebrará mañá e o xoves un curso de manexo seguro de plataformas elevadoras móbiles de persoal

**Será no Centro Empresarial do Tambre en horario de mañá**

**Forma parte do Plan de Formación de Prevención de Riscos Laborais 2019, organizados en colaboración coa CEG e a CEC e o financiamento da Xunta de Galicia**

---

*Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019 (Vía Láctea Comunicación).*- A Asociación Área Empresarial do Tambre (AAET) acolle mañá mércores 11 e o xoves 12 de setembro un curso gratuito de **manexo seguro de Plataformas Elevadoras Móbiles de Persoal (PEMP)**, organizado no marco do Plan de Formación de Prevención de Riscos Laborais (PRL) 2019 en colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e a Confederación de Empresarios de La Coruña (CEC) e o financiamento da Xunta de Galicia. Celebrarase no Centro Empresarial do Tambre, mañá en horario de 09:00 a 13:00 horas e o xoves de 9:00 a 15:00 horas.

O curso de manexo seguro de Plataformas Elevadoras Móbiles de Persoal (PEMP) está dirixido a traballadores por conta allea, propia ou desempregados, e contará cunha parte teórica e outra práctica. O apartado teórico constará de temas como a normativa aplicable, definición dos traballos, riscos e medidas preventivas no manexo de PEMP, normas de mantemento e verificación básicas da PEMP, e análise de accidentabilidade con plataformas elevadoras. Nas prácticas, que se realizarán na explanada da Asociación, aprenderase a preparar o equipo para o traballo, faranse prácticas do seu manexo e estabilización, poñeranse en marcha medidas de emerxencia e practicarase o reabastecemento ou recargas de baterías.

A responsable do departamento de Prevención de Riscos Laborais da CEC, **María Botana**, explica que o Plan de Formación PRL 2019, que executa a Confederación coruñesa, enmárcase nas axudas que a Xunta de Galicia convoca para o fomento da prevención de riscos laborais na provincia. A través da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a CEC impulsa actuacións en materia de prevención para a mellora dos recursos preventivos de empresas e traballadores.

María Botana sinala que se organizan diferentes cursos ata finais do mes de outubro na Asociación Área Empresarial do Tambre. Son accións formativas con contido práctico e conceptos teóricos no manexo de equipos ou para a execución de determinadas tarefas de forma segura. “A formación en PRL contribúe a incrementar a cultura preventiva do noso tecido empresarial e por iso, as confederacións e as súas asociacións membro adquiren o compromiso de executar un plan de formación en PRL que dinamice o cumprimento preventivo” –destaca Botana–.

**SAÚDOS**

**PRENSA Área Empresarial do Tambre**

**981 55 44 07/ 698137890**

[www.poligonotambre.com/es](http://www.poligonotambre.com/es)